


A Concellería de Benestar Social organiza a xornada “Redes de Iniciativa Social”



Baixo o título “Redes de Iniciativa Social”, o Equipo urbano do Plan Galego de Inclusión da Concellaría de Benestar Social do Concello de Santiago de Compostela organiza unha xornada formativa dirixida aos responsables e técnicos das entidades ou servizos que traballan no ámbito da inserción sociolaboral e do voluntariado. A data de celebración será o día 11 de marzo na Escola Galega de Administración Pública, en horario de mañán.

O Equipo do Plan Galego de Inclusión Social, xunto con varias entidades de iniciativa social do municipio, propóñense como obxectivo promover unha rede comunitaria de apoio para combater a desigualdade a nivel social, establecendo mecanismos de cooperación entre todas as entidades implicadas directa ou indirectamente na loita contra a pobreza e a exclusión social. A finalidade que se pretende coa rede é a mellora dos servizos ofertados e a xeración dun innovador sistema de coordinación e desenvolvemento. Por outra banda, as entidades que traballan no ámbito de voluntariado na cidade tamén apostan pola creación dun espazo común onde mellorar a comunicación e o intercambio de información.

A xornada do mércores 11 abrirase cun relatorio impartido por un membro de Red Araña baixo o título “ A creación de redes de iniciativa social e voluntariado”. Seguidamente, nunha mesa redonda expóranse diferentes experiencias de redes de inserción sociolaboral que se están a desenvolver na actualidade en diferentes puntos do territorio español. Entre os ponentes contarase con Lorena Ventura, Directora da liña de ocupación de Barcelona Activa (Concello de Barcelona), Pedro Ramiro Pollo, director da Fundación CEDAT da Universidade Politécnica de Valencia e Santiago Porta, xefe de servizo de Servizos Sociais do Concello da Coruña.